25(864).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DAS EMPRESAS PRODUCCIÓN Y ESPECTÁCULOS DE GALICIA, S.L., SACAFERRO, S.L. E XESTIÓN CULTURAL, SL, POR IMPORTE TOTAL DE 78.614,11 €, POR ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS. EXPTE. 4568/335.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes emitidos pola Asesoría Xurídica de data 14 de xuño e máis do interventor xeral de data 20 do mesmo mes, de conformidade co informe proposta emitido con data 21 de xuño polo xefe do Servizo de Festas, coa conformidade do xefe do Servizo e máis da concelleira delegada, a Xunta de Local de Goberno acorda:

1º.- Declarar a nulidade das actuacións realizadas polas prestacións dos servizos deseguido indicados, realizados polas empresas Producción y Espectáculos de Galicia SL, Sacaferro SL e Producción e Xestión Cultural SL.

2º.- Aprobar as indemnizacións substitutivas, por recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe de 78.614,11 euros, con cargo á aplicación 3380.226.0908 do vixente orzamento, para atender os seguintes gastos a favor de:

2.1.- Producción y Espectáculos de Galicia SL, CIF B-15.859.176, correspondentes a: factura nº 9 por “apoyo promocional concerto Motorhead 2010” por importe e 7.080,00 euros; factura nº 12 “Importe pendiente producción Vigourban” por importe de 7.000,00 euros; e factura nº 11 por “Patrocinio concerto Joaquín Sabina 2009” por importe de 28.320,00 euros.

2.2.- Sacaferro SL, CIF B-27.704.980, correspondente á factura nº 11/24 “infraestructuras concerto de Dani Martín 2011” por importe de 18.654,56 euros.

2.3.- Producción e Xestión Cultural SL, CIF B-36.743.755, correspondente á factura nº 142/11 “servizos varios e persoal técnico concerto de Dani Martín 2011” por importe de 17.559,55 euros.

3º.- Recoñecer as obrigas a favor das devanditas empresas polos citados importes e conceptos indicados no apartado anterior.

26(865).- PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DAS OBRAS DE “CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. FASE I. (RÚA BAGUNDA-TRV. DE STA. CRISTINA”. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 1396/440.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta emitido pola técnica de xestión da Área de fomento con data 27 de xuño, conformado polo xefe da Área e máis polo concelleiro delegado, visto o informe da intervención xeral de data 16 de xullo, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto Modificado nº 2 das obras de “Construcción de urbanización da rúa Severino Cobas. Fase I. (Rúa Bagunda-Travesía de Sta. Cristina)”, por un importe líquido adicional de 94.530,66 €, o que supón un incremento do 9,87% sobre o prezo de adxudicación.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 94.530,66 euros con cargo á partida 1550.619.00.81. do orzamento municipal en vigor.

TERCEIRO.- Aplicar unha moratoria ao prazo de execución da obra dende o 25 de maio de 2012, data na que o órgano de contratación acordou a autorización para a redacción do modificado nº 2 das obras de referencia, ata a adopción da presente resolución, cumprindo o adxudicatario os seus compromisos contractuais, por un tempo igual ao necesario para a tramitación do mesmo.

27(866).- PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DAS OBRAS DE “CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. FASE II. (TRV. STA. CRISTINA-BAIXADA A CAPITÁN)”. EXPTE. 1397/440.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta emitido pola técnica de xestión da Área de fomento con data 27 de xuño, conformado polo xefe da Área e máis polo concelleiro delegado, visto o informe da intervención xeral de data 16 de xullo, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto Modificado nº 2 das obras de “Construcción de urbanización da rúa Severino Cobas. Fase II. (Travesía de Sta. Cristina-Baixada a Capitán)”, que non supón incremento do presuposto previsto no primitivo proxecto.

SEGUNDO.- Aplicar unha moratoria ao prazo de execución da obra dende o 25 de maio de 2012, data na que o órgano de contratación acordou a autorización para a redacción do modificado nº 2 das obras de referencia, ata a adopción da presente resolución, cumprindo o adxudicatario os seus compromisos contractuais, por un tempo igual ao necesario para a tramitación do mesmo.

28(867).- PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DAS OBRAS DE “CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. FASE III. (BAIXADA A CAPITÁN ATA O Nº 186). EXPTE. 1398/440.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta emitido pola técnica de xestión da Área de fomento con data 27 de xuño, conformado polo xefe da Área e máis polo concelleiro delegado, visto o informe da intervención xeral de data 16 de xullo, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto Modificado nº 2 das obras de “Construcción de urbanización da rúa Severino Cobas. Fase III. (Baixada a capitán ata o nº 186)”, que non supón incremento do presuposto previsto no primitivo proxecto.

SEGUNDO.- Aplicar unha moratoria ao prazo de execución da obra dende o 25 de maio de 2012, data na que o órgano de contratación acordou a autorización para a redacción do modificado nº 2 das obras de referencia, ata a adopción da presente resolución, cumprindo o adxudicatario os seus compromisos contractuais, por un tempo igual ao necesario para a tramitación do mesmo.

29(868).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO EDIFICIO CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1316/440.

Retirado da orde do día.

30(869).- PROXECTO DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 14113/444.

Retirado da orde do día.

3170).- NULIDADE DAS ACTUACIÓNS DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ÁLVAREZ REALIZADAS POLA EMPRESA UTE URBANIZACIÓN MANUEL ÁLVAREZ, E INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA MEDIANTE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE DITA EMPRESA. EXPTE. 1433/440.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta emitido polo xefe da área de Fomento, de data 21.06.2012, conformado polo concelleiro de Fomento, co informe do asesor xurídico da área, do 5.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 13.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á expedición da certificación 27 (FINAL) das obras de Urbanización da rúa Manuel Álvarez realizadas pola empresa U.T.E. Urbanización Manuel Álvarez

- (Hidroestructuras – Hidromiño) e a conseguinte factura de dita mercantil.
2. Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de U.T.E. Urbanización Manuel Álvarez (Hidroestructuras – Hidromiño) por un importe de 259.999,91 Euros en base ao informe que antecede a presente proposta.
 3. Recoñecer a obriga a favor de U.T.E. Urbanización Manuel Álvarez (Hidroestructuras – Hidromiño) por un importe de 259.999,91 Euros, imputable a aplicación orzamentaria 1550.619.00.82 "REC. EXT. CRED. H. MANUEL ALVAREZ, MOVEXVIAL".

32(871).- NULIDADE DAS ACTUACIÓNS DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA COUTO SAN HONORATO REALIZADAS POLA EMPRESA HIDROSCIVIL S.L., E INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA MEDIANTE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE DITA EMPRESA. EXPTE. 1434/440.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta emitido polo xefe da área de Fomento, de data 15.06.2012, conformado polo concelleiro de Fomento, co informe do asesor xurídico da área, do 5.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 13.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á expedición da certificación 6 (FINAL) das obras de Humanización da rúa Couto San Honorato realizadas pola empresa Hidroscivil, S.L., e a conseguinte factura de dita mercantil.
2. Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Hidroscivil, S.L., por un importe de 38.229,27 Euros en base ao informe que antecede a presente proposta.
3. Recoñecer a obriga a favor de **Estructuras Dabalpo, S.L.**, por un importe de 38.229,27 Euros, imputable a aplicación orzamentaria 1550.619.00.39 "REC. EXT. CRED. LIQ. HUM. COUTO S. HONORATO, HIDROSCIVIL".

33(872).- NULIDADE DAS ACTUACIÓNS DAS OBRAS DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO DO EDIFICIO POLIDEPORTIVO DA ETEA REALIZADAS POLA EMPRESA CIVISGLOBAL S.L., E INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA MEDIANTE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE DITA EMPRESA. EXPTE. 1431/440.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta emitido polo xefe da área de Fomento, de data 21.06.2012, conformado polo concelleiro de Fomento, co informe do asesor xurídico da área, do 5.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 13.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á expedición da certificación 8 (FINAL) das obras de Reforma e Acondicionamento do Edificio Polideportivo da ETEA realizadas pola empresa Civisglobal, S.L.,

- anteriormente Movexvial, S.L. E a conseguinte factura de dita mercantil.
2. Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Civisglobal, S.L. antes Movexvial, S.L. por un importe de 81.686,03 Euros en base ao informe que antecede a presente proposta.
 3. Recoñecer a obriga a favor de Civisglobal, S.L., antes Movexvial, S.L. por un importe de 81.686,03 Euros, imputable a aplicación orzamentaria 9330.632.00.11 "REC. EXT. CRED. LIQ. ETEA".

34(873).- NULIDADE DAS ACTUACIÓNS DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE ESCALEIRAS NO CAMIÑO DE AUGAS DE TEIS POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES REY SOLLA, S.L., E INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA MEDIANTE RECOÑECAMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE DITA EMPRESA. EXPTE. 1425/440.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta emitido polo xefe da área de Fomento, de data 6.06.2012, conformado polo concelleiro de Fomento, co informe do asesor xurídico da área, do 6.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 13.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á expedición da factura nº 18 correspondente ás Actuacións Realizadas para a finalización das obras de construción de escaleiras no Camiño de Augas en Teis pola empresa Construcciones Rey Solla, S.L.
2. Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Construcciones Rey Solla, S.L.. por un importe de 13.562,91 Euros en base ao informe que antecede a presente proposta.
3. Recoñecer a obriga a favor de Construcciones Rey Solla, S.L. por un importe de 13.562,91 Euros, imputable a aplicación orzamentaria 1550.210.00.05 "REC. EXT. MANT. SOLLA, MOVEXVIAL E C. FERNÁNDEZ" .

35(874).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE VIGO E MOS PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO. EXPTE. 1370/440.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta emitido polo xefe da área de Fomento, de data 14.05.2012, co informe do asesor xurídico da área, do 14.05.2012, e co informe do xefe da área de Investimentos, do 5.07.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o convenio de colaboración entre os Concellos de Vigo e Mos para o abastecemento de auga e saneamento, asinado en data 28 de febreiro pasado e que se transcribe a continuación:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE OS CONCELLOS DE VIGO E MOS PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO.

En Vigo, 28 de febreiro de 2012

REUNIDOS:

O Excelentísimo Sr . Alcalde - Presidente do Concello de Vigo, D. Abel Caballero Alvarez, no seu nome e representación, con facultades bastantes para celebrar o presente acto en virtude do seu cargo, dacordo co que dispón o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

A Sra. Alcaldesa - Presidenta do Concello de Mos, D^a. Nidia María Arévalo Gómez , tamén no seu nome e representación, baseándose nas facultades que lle confire o artigo 21.1.b) da devandita Lei.

Os intervinientes, na calidade que comparecen, recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para establecer os termos do presente convenio e propoñer a súa aprobación ós respectivos Órganos municipais competentes, e de común acordo

EXPOÑEN:

1.- Que de conformidade co previsto no artigo 5.2 da Lei 5/1997, de 21 de xullo, de administración local de Galicia, en consonancia aos criterios de reciprocidade nas súas relacións, rexeranse polos principios de colaboración, cooperación, auxilio e respecto aos respectivos ámbitos de competencia.

- - Que en concordancia co previsto no artigo 195 de devandita Lei a colaboración e cooperación poderase realizar mediante a subscripción de convenios ao efecto.
- – Que ambos os dous Concellos teñen a necesidade de subscribir o presente Convenio de Colaboración para resolver os problemas derivados da situación que se expón a continuación:
 1. Existen unha serie de vivendas e naves industriais construídas no termo municipal de Mos que non dispoñen de rede pública de abastecemento de auga nin de saneamento en zonas limítrofes co concello de Vigo cuxa pendente natural discorre ata este último; resultando moi costosa a súa conexión á redes públicas do Concello de Mos.
 2. O Concello de Mos presentou ante o Concello de Vigo, un expediente de modificación do PXOM (Plan de Infraestruturas) para abastecemento de auga en zona limítrofe co Concello de Vigo.
 3. O Concello de Mos presentou unha solicitude de concesión de 5 l/s para o abastecemento de auga na zona do polígono do Rebullón.
 4. Para fixar as condicións de equidade nas que se desenvolverá o servizo que prestará o concello de Vigo ao Concello de Mos, ambas as dúas partes subscriben o presente convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLAUSULAS:

Primeira: Obxecto.-

O obxecto do presente convenio é establecer os termos de colaboración entre o Concello de Vigo e o Concello de Mos, para o abastecemento de auga potable e tratamento de augas residuais que se contemplan no apartado do Expoñen II 1.

Segunda: Duración.-

A vixencia deste convenio será indefinida, sempre e cando o Concello de Vigo dispoña da concesión de caudal necesaria para prestación do servizo, obxecto deste convenio, e ata o que resta de vida útil da EDAR do Lagares, sin detrimento das causas de resolución que figuran na cláusula sétima.

Terceira: Natureza e contido.-

As relacións establecidas entre ambos os dous Concellos contan con natureza administrativa, resultando excluídas do ámbito de aplicación da Ley 30/2007 de Contratos de Sector Público, en virtude do previsto no seu artigo 4.1.c).

Cuarta: Tarifa Compensatoria.-

O Concello de Mos comprométese a suscribir un contrato coa entidade concesionaria do servizo de auga e saneamento no Concello de Vigo, previamente a prestación do servizo.

O Concello de Mos comprométese a abonar, previa presentación de factura que se girará con periodicidade bimensual, pola entidade concesionaria do servizo no Concello de Vigo, en concepto de compensación dos gastos ocasionados pola xestión do servizo, na cantidade de:

- Abastecemento, auga aforada: 0,31€/m³ máis IVE.
- Saneamento auga aforada: 0,1429 €/m³ máis IVE
- Saneamento doméstico para 14 vivendas: 19,1 €/usuario/bimestre máis IVE.

Os apartados a) e b) serán revisados automaticamente o 1 de xaneiro, de cada exercicio económico conforme á evolución que experimente o IPC do ano inmediato anterior.

O apartado c), saneamento doméstico, será revisado na mesma proporción que se revise a tasa municipal de saneamento doméstico en Vigo.

Quinta: Obrigas do Concello de Mos

O Concello de Mos obrígase:

- A realizar, no seu caso, as obras necesarias para a conexión e aforo ás redes xerais de abastecemento e saneamento de Vigo. Que serán por conta do Concello de Mos ou entidade que esta designe.
- A abonar a entidade concesionaria os importes que correspondan en función dos metros cúbicos consumidos de auga potable e metros cúbicos vertidos.
- A establecer un control de verquidos industriais dentro do seu termo municipal de forma que non excedan os límites estipulados ao efecto en cada momento polo Concello de Vigo.

- Con carácter previo ao inicio do subministro, o Concello de MOS ven obrigado de modo inexcusable a presentar aval suficiente para garantir o importe promedio do consumo dunha anualidade, que se fixa na cantidade de CUARENTA E OITO MIL OITOCENTOS OITENTA EUROS (48.880 €).
- O incumprimento desta condición dará lugar á ineficacia do presente contrato.
- A solicitar ao Concello de Vigo autorización para conectar á EDAR de Lagares calquera nova tubería que non estea xa instalada.

A estes efectos achéganse ao presente convenio os planos de rede municipal de Mos conectada actualmente á referida EDAR.

Sexta: Obrigas do Concello de Vigo.-

O Concello de Vigo obrígase:

- A subministrar, unha vez firmado o contrato de subministro, un caudal de ata 5 l/s, e recoller e tratar as augas residuais provenintes das redes que se van executar segundo se especifica neste convenio.
- A instalar dous medidores nos límites de termo municipal de Vigo, para determinar os caudais a facturar ao Concello de Mos, cuio custo será sufragado polo Concello de Mos.

Sétima: Dereitos das partes.-

Cada Concello contará cos dereitos que correspondes ás recíprocas obrigas que asuma o outro.

En todo caso, o Concello de Vigo terá dereito a resolver unilateralmente este convenio si se producise a falta de pagamento de 6 (seis) mensualidades por parte do Concello de Mos.

Oitava: Comisión de seguemento de convenio.-

Para o debido control do cumprimento deste convenio e para a solución pacífica das controversias que se deriven da súa execución, creárase unha Comisión que estará integrada por dous representantes de cada un dos Concellos, No caso do Concello de Vigo un técnico, máis un representante da concesionaria.

Novena: Vixencia.-

A entrada en vigor do presente convenio quedará supeditada a súa aprobación polos Órganos competentes dos Concellos de Vigo e de Mos e á realización do contrato coa entidade concesionaria do servizo no Concello de Vigo, previamente á prestación do servizo .

Décima: Foro aplicable.-

Para a interpretación e a resolución de calquera controversia que puidese xurdir en relación coa aplicación do presente convenio, resultaran competentes, de conformidade co establecido nos artigos 7 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo de xurisdición contenciosa-administrativa, os Xulgados ou Tribunais de Vigo.

En proba de conformidade con canto antecede, os comparecentes asinan o presente instrumento, xunto coa documentación que se achega, en duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicadas no encabezamento.

2.- Establecer a vixencia do convenio en 10 anos (dez), prorrogables tacitamente por 10 (dez) anos máis no caso de non existir denuncia do mesmo por calquera das partes que deberá ser presentada cunha antelación mínima de 6 meses.

3.- Previamente á entrada en vigor do convenio, o Concello de Mos deberá asinar con Aqualia o correspondente contrato, para o cal deberá presentar aval por importe de 48.800 Euros, para garantir o abono dunha anualidade media do subministro previsto.

36(875).- DECLARAR COMO ZONA DE ESPAREXEMENTO CANINO A PARCELA SITA NO PASEO JOAQUIN GARCÍA PICHER. EXPTE. 8601/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 17-07-2012 do técnico de Admon. Xeral do departamento de Medio Ambiente, conformado pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarar, ao abeiro do establecido no artigo 11 en relación co artigo 24 da ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais, como zona de espaxemento canino a parcela sita no Paseo Joaquín García Picher, cunha superficie de 468,02 m², segundo plano de situación incorporado ao expediente.

2.- Autorizar, na franxa horaria que vai dende as 06:00 horas ata as 24:00 horas, a libre circulación dos cans neste espazo, os cales poderán ir soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a.

3.- Quedan exceptuados do disposto no apartado anterior os cans cualificados como potencialmente perigosos, conforme ao Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que deberán, en lugares públicos, ir sempre con correa e bozo, de conformidade coa normativa aplicable.

4.- Sinalar verticalmente a zona como de espaxemento canino.

5.- O propietario/a ou posuidor/a dos cans deberá manter o control sobre eles ao fin de evitar molestias ou danos ás persoas e aos demais cans, sendo responsable o propietario/a ou posuidor/a do seu comportamento e danos, de acordo coa normativa aplicable.

6.- Publicar o presente acordo no BOP segundo o establecido no artigo 59.6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que producirá efectos ao día seguinte da devandita publicación.

37(876).- DECLARAR COMO ZONA DE ESPAREXEMENTO CANINO O ESPAZO SITO NO ÁMBITO DA API-43 POMBAL. EXPTE. 8665/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 17-07-2012, do técnico de Admon. Xeral do departamento de Medio Ambiente conformado pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Declarar, ao abeiro do establecido no artigo 11 en relación co artigo 24 da ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais, como zona de espaxeamento canino o espazo sito no ámbito da API-43 Pombal, cunha superficie de 19.515.00 m², segundo plano de situación incorporado ao expediente.

2.- Autorizar a libre circulación dos cans neste espazo, os cales poderán ir soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a.

3.- Quedan exceptuados do disposto no apartado anterior os cans cualificados como potencialmente perigosos, conforme co Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que deberán, en lugares públicos, ir sempre con correa e bozo, de conformidade coa normativa aplicable.

4.- Sinalar verticalmente a zona como de espaxeamento canino.

5.- O propietario/a ou posuidor/a dos cans deberá manter o control sobre eles ao fin de evitar molestias ou danos ás persoas e aos demais cans, sendo responsable o propietario/a ou posuidor/a do seu comportamento e danos, de acordo coa normativa aplicable.

6.- Publicar o presente acordo no BOP segundo o establecido no artigo 59.6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que producirá efectos ao día seguinte da devandita publicación.

38(878).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN CULTURAL PEÑA FREIXO, POR IMPORTE DE 2.000 €, POR CELEBRACIÓN EVENTO NO PARQUE FORESTAL DOS POZOS O 23.06.12. EXPTE. 83018/210.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da xefa do servizo de Transportes, de data 11.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval presentado en data 7 de xuño de 2012 pola ASOCIACION CULTURAL PEÑA FREIXO, con C.I.F.G-36807964, por un importe de **2000 €**, para responder dos posibles danos con motivo da celebración dun evento no Parque Forestal dos

Pozos, o 23 de xuño de 2012, a partir das 21 horas, por non producirse danos na vía pública.

39(879).- NULIDADE DA PRESTACIÓN REALIZADA POLA ENTIDADE IMESAPI S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONSERXERÍA E ATENCIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS NO MES DE MAIO 2012 E INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE DITA EMPRESA. EXPTE. 2611/321.

Examinadas as actuación do expediente, de acordo co informe proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, de data 9.07.2012, conformado polo concelleiro da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 28.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 9.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- * Declarar a nulidade da prestación realizada pola entidade Imesapi S.A.
- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28^a das Bases de execución do orzamento para o ano 2012, por un importe de 7.995,03 € (sete mil novecentos noventa e cinco euros con tres céntimos), a favor de Imesapi S.A. (CIF:A-28010478), con cargo á aplicación 9240 2279904 (At. O Público e Conserxería Ctros. Cívicos)
- Recoñecer a obriga a IMESAPI S.A., polo importe de 7.995,03 € e correspondente a prestación do servizo de conserxería e atención ao público nos centros cívicos, no mes de maio de 2012.

40(880).- NULIDADE DA PRESTACIÓN REALIZADA POLA ENTIDADE OUTSOURCING SIGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE S.L. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA A TRAVES DO 010 NO MES DE MAIO 2012 E INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE DITA EMPRESA. EXPTE. 2609/321.

Examinadas as actuación do expediente, de acordo co informe proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, de data 9.07.2012, conformado polo concelleiro da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 28.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 9.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Declarar a nulidade da prestación realizada por Outsourcing Sirgno Servicios Integrales Grupo Norte S.L.
- 2.- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28^a das Bases de execución do orzamento para o ano 2012, por un importe de 14.889,00 € (catorce mil oitocentos oitenta e nove euros), a favor de Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L. (CIF:B-47451794), con cargo á aplicación 9240 2279900 (Teleoperadoras, 010 e envío mensaxes).

3.- Recoñecer a obriga a favor de Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L., polo importe de 14.889,00 € e correspondente a prestación do servizo de atención telefónica a través do 010 no mes de maio de 2012.

41(881).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA EMPRESA ARTE EN BRONCE, EN CONCEPTO DE SUBMINISTRACIÓN DE 28 PLACAS DE BRONCE. EXPTE. 6640/307.

Examinadas as actuación do expediente, de acordo co informe proposta de data 7 de maio de 2012 emitido pola xefa de Patrimonio Histórico coa conformidade da concelleira delegada, vistos os informe emitidos pola Asesoría Xurídica de data 07.06.12 e polo interventor xeral de data 21.06.12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de ARTE EN BRONCE (RAÚL ÁLVAREZ FERNÁNDEZ), co NIF 36.085.949-F, en relación aos gastos de subministración de 28 placas de bronce policromado con fondo negro, de 51 x 35,5 cm. aprox., con escudo del Concello de Vigo, e inscrición co nome da rúa ou praza, consonte coa factura nº 031, de data 09/06/2011, por importe de 18.998 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2100000 "R.EXT.C. ATRASOS PLACAS RÚAS, ARTE EN BRONCE", correspondente aos orzamentos municipais do servizo de Patrimonio Histórico para o exercicio 2012.

42(882).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS A FAVOR DA EMPRESA ARTEBRONCE, EN CONCEPTO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN E ORGANIZACIÓN EXPOSICIÓN DE ESCULTURAS NO XARDÍN DO PAZO DE CASTRELOS. PROXECTO "ARTISTAS NA RÚA" (CIDADE DE SOÑOS). EXPTE. 6645/307.

Examinadas as actuación do expediente, de acordo co informe proposta de data 8 de maio de 2012 emitido pola xefa de Patrimonio Histórico coa conformidade da concelleira delegada, vistos os informe emitidos pola Asesoría Xurídica de data 07.06.12 e polo interventor xeral de data 09.06.12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de ARTEBRONCE GALERÍA, co NIF B-36586634, en relación coa prestación de servizos de organización, exposición de esculturas nos xardíns do Pazo de Castrelos "Artistas na rúa (Cidade de soños)", consonte coa factura núm. 23/10, con data de rexistro 25.10.10, por un importe de 14.514,00 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2260900, "R.EXT.C. ATRASOS EXPOSICIÓN CIDADE DE SOÑOS", do orzamento do ano 2012.

43(883).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA EMPRESA PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL (PXC), EN CONCEPTO DE LOXÍSTICA EXPOSICIÓN DE ESCULTURAS NO XARDÍN DO PAZO DE CASTRELOS. PROXECTO “ARTISTAS NA RÚA” (CIDADE DE SOÑOS). EXPTE. 6647/307.

Examinadas as actuación do expediente, de acordo co informe proposta de data 8 de maio de 2012 emitido pola xefa de Patrimonio Histórico coa conformidade da concelleira delegada, vistos os informe emitidos pola Asesoría Xurídica de data 07.06.12 e polo interventor xeral de data 19.06.12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, co CIF B-36743755, en relación coa prestación de servizos de loxística da exposición de esculturas nos xardíns do Pazo de Castrelos. Artistas na rúa (Cidade de soños), consonte coa factura nº 183/10, con data de rexistro 13/10/10, por un importe de 21.240,00 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2260900, “REC.EXT.C. ATRASOS EXPOSICIÓN CIDADE DE SOÑOS”, do orzamento do ano 2012.”

44(884).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA EMPRESA COIA HOTEL TUR, S.A., EN CONCEPTO DE ALOXAMENTO DOS ARTISTAS DA EXPOSICIÓN DE ESCULTURAS NO XARDÍN DO PAZO DE CASTRELOS. PROXECTO “ARTISTAS NA RÚA” (CIDADE DE SOÑOS). EXPTE. 6649/307.

Examinadas as actuación do expediente, de acordo co informe proposta de data 8 de maio de 2012 emitido pola xefa de Patrimonio Histórico coa conformidade da concelleira delegada, vistos os informe emitidos pola Asesoría Xurídica de data 14.06.12 e polo interventor xeral de data 19.06.12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de COIA HOTEL TUR, S.A., con CIF A36635043, en relación coa prestación de servizos de aloxamento dos artistas da exposición de esculturas nos xardíns do Pazo de Castrelos. Artistas na rúa (Cidade de soños), consonte coas facturas nº 219486 e 219515, con data de rexistro 06/07/10, por un importe de 5.140,35 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2260900, “REC.EXT.C. ATRASOS EXPOSICIÓN CIDADE DE SOÑOS”, do orzamento do ano 2012.

45(885).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE MEKANÉ DIDÁCTICA, S.L., EN CONCEPTO DE GASTOS OCASIONADOS POLAS ACTIVIDADES DIDÁCTICAS REALIZADAS EN AGOSTO DE 2010. EXPTE. 6653/307.

Examinadas as actuación do expediente, de acordo co informe proposta de data 9 de maio de 2012 emitido pola xefa de Patrimonio Histórico coa conformidade da concelleira delegada, vistos os informe emitidos pola Asesoría Xurídica de data 07.06.12 e polo interventor xeral de data 19.06.12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de MEKANÉ DIDÁCTICA, S.L.U., co CIF B-36978138, en relación cos gastos ocasionados por unhas actividades didácticas (espectáculo de monicreques Os Barballocas e proxecto de animación á lectura Libri Terrae), consonte coa factura nº 07/10, con data de rexistro 17/12/10, por un importe de 3.240,00 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2260902, "REC.EXT.C. MONICREQUES, PUZZLES, BANDEIRAS" do orzamento do ano 2012."

46(886).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE JOSE ANGEL ACUÑA FARTO (ATICA SERVIZOS CULTURAI), EN CONCEPTO DE MONTAXE DA EXPOSICIÓN INAUGURAL PINACOTECA. EXPTE. 6654/307.

Examinadas as actuación do expediente, de acordo co informe proposta de data 30 de maio de 2012 emitido pola xefa de Patrimonio Histórico coa conformidade da concelleira delegada, vistos os informe emitidos pola Asesoría Xurídica de data 12.06.12 e polo interventor xeral de data 21.06.12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de José Ángel Acuña Farto, co NIF 44.082.645-V, en relación coa prestación de servizos de montaxe da exposición inaugural da pinacoteca, consonte coa factura nº 05/11, con data de rexistro 09/06/11, por un importe de 25.462,02 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2260901 "REC.EXT.C. ATRASOS EXPOSICIÓN APERTURA PINACOTECA" do orzamento municipal do ano 2012.

47(887).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA EMPRESA SEREGA MARKETING S.L., EN CONCEPTO DE RÓTULOS PINACOTECA. EXPTE. 6655/307.

Examinadas as actuación do expediente, de acordo co informe proposta de data 30 de maio de 2012 emitido pola xefa de Patrimonio Histórico coa conformidade da concelleira delegada, vistos os informe emitidos pola Asesoría Xurídica de data 12.06.12 e polo interventor xeral de data 21.06.12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos a favor da empresa SEREGA MARKETING, S.L., co CIF B-27739929, en relación coa prestación de servizos de impresión e colocación de rótulo exterior da pinacoteca, consonte coa factura nº 000364, con data de rexistro 10/06/11, por un importe total de 5.900,00 euros (IVE

incluído), con cargo á partida 3360.2260901 “REC.EXT.C. ATRASOS EXPOSICIÓN APERTURA PINACOTECA” do orzamento municipal do ano 2012.

48(888).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA EMPRESA DESOÑOS, EN CONCEPTO DE DESENVOLVEMENTO DA IDENTIDADE CORPORATIVA E DESEÑO E IMPRESIÓN DE POLÍPTICOS DA PINACOTECA. EXPTE. 6656/307.

Examinadas as actuación do expediente, de acordo co informe proposta de data 30 de maio de 2012 emitido pola xefa de Patrimonio Histórico coa conformidade da concelleira delegada, vistos os informe emitidos pola Asesoría Xurídica de data 13.06.12 e polo interventor xeral de data 21.06.12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos a favor da empresa DESOÑOS, S.L., co CIF B-36949923, en relación coa prestación de servizos de desenvolvemento da identidade corporativa e deseño e impresión de polípticos da pinacoteca, consonte coas facturas nº 094 e 154, con data de rexistro 09/06/11, por un importe total de 18.290,00 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2260901 “REC.EXT.C. ATRASOS EXPOSICIÓN APERTURA PINACOTECA” do orzamento municipal do ano 2012.

49(889).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE BEATRIZ LIZ DE CEA, EN CONCEPTO DE ASISTENCIA E LOXÍSTICA AO ACTO INAUGURAL DA PINACOTECA: I CERTAME DE PINTURA ANTONIO QUESADA. EXPTE. 6657/307.

Examinadas as actuación do expediente, de acordo co informe proposta de data 06 de xuño de 2012 emitido pola xefa de Patrimonio Histórico coa conformidade da concelleira delegada, vistos os informe emitidos pola Asesoría Xurídica de data 15.06.12 e polo interventor xeral de data 21.06.12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de Beatriz Liz de Cea, co NIF 36.164.667-L, en relación coa prestación de servizos de asistencia e loxística ao acto inaugural da pinacoteca: I Certame de pintura Antonio Quesada, consonte coa factura nº 02/11, con data de rexistro 10/06/11, por un importe total de 412,00 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2260901 “REC.EXT.C. ATRASOS EXPOSICIÓN APERTURA PINACOTECA” do orzamento municipal do ano 2012.

50(890).- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA EMPRESA VITRASA, EN CONCEPTO DE SERVIZO ESPECIAL CASCO VELLO. EXPTE. 6677/307.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 08 de xuño de 2012 emitido pola xefa de Patrimonio Histórico coa conformidade da concelleira delegada, vistos os informe emitidos pola Asesoría Xurídica de data 15.06.12 e polo interventor xeral de data 21.06.12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extrajudicial de créditos a favor de Viguesa de Transportes, S.L. (VITRASA), co CIF B-36693778, en relación cos gastos ocasionados polo servizo especial Casco Vello do autobús eléctrico, consonte coa factura nº U/77, con data de rexistro 08/08/11, por un importe de 25.760,18 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2279901, "REC.EXT.C. VITRASA", correspondente aos orzamentos municipais do ano 2012.

FORA DA ORDE DO DIA

51(891).- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A MELLORA DO POSICIONAMENTO DE VIGO EN REDES SOCIAIS E REORIENTACIÓN 2.0. DA WEB www.turismodevigo.es. EXPTE. 4271/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, de data 18.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo para a mellora do posicionamento de Vigo en redes sociais e reorientación 2.0. da web www.turismodevigo.es (expediente 4271-104) no seguinte orde decrecente:

- 1.1.- Esmerarte Servicios, S.L., que obtén a puntuación total de 72,07 puntos.
- 1.2.- Alen Multimedia, S.L. que obtén a puntuación total de 70,9 puntos.
- 1.3.- Bonaval Multimedia, que obtén a puntuación total de 70,43 puntos.
- 1.4.- Anónimo Publicidad, que obtén a puntuación total de 65,68 puntos.

Segundo.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar, ESMERARTE SERVICIOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

52(892).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.40 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.